



Avaliación de
diagnóstico
Galicia

21/outubro/09

XUNTA DE GALICIA

Definición e marco legal

A avaliación de diagnóstico...

...é unha avaliación de carácter censual que versa sobre as competencias básicas do alumnado e que se desenvolve en todos os centros que imparten ensinanza básica. Debe dar lugar a compromisos de revisión e mellora a partir dos resultados que dela se obteñan.

O marco teórico para a súa realización é o establecido para a avaliación xeral de diagnóstico que realiza o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte a través do Instituto de Avaliación, entidade á que se lle encomenda a realización das avaliacións xerais do sistema educativo. ■

O marco legal...

...desta avaliación determínase na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación (LOE) e nas normas que a desenvolven.

Os artigos 21 e 29 da LOE establecen que a avaliación de diagnóstico se efectuará ao finalizar o segundo ciclo de educación primaria e o segundo curso de educación secundaria obrigatoria. Dispón que será unha avaliación de *“carácter formativo e orientador para os centros e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa”*, e que tomará como punto de partida para a súa realización o marco de referencia da avaliación xeral de diagnóstico.

Tamén encomenda o desenvolvemento e control desta avaliación ás administracións educativas, ás que responsabiliza de proporcionar os apoios pertinentes aos centros para que a poidan efectuar de modo axeitado. A lei indica que, en ningún caso,

os resultados da avaliación poderán ser utilizados a efectos de clasificacións dos centros (art. 144).

No mesmo sentido se manifestan os respectivos decretos polos que se establecen os currículos de educación primaria e secundaria obrigatoria:

- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (art.17).
- Decreto 133/2007, do 5 de xuño, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (art. 19).

A Orde do 16 de febreiro de 2009 (DOG do 23) pola que se regula o desenvolvemento da avaliación diagnóstica na Comunidade Autónoma de Galicia, avanza un paso máis na concreción desta avaliación, establecendo os parámetros xerais para a súa posta en marcha nos centros.

En relación a ela, cada curso escolar ditanse instrucións sobre aspectos concretos relativos á celebración da proba correspondente. ■

Ten como finalidade...

...contribuír á mellora da calidade e a equidade da educación, a través do coñecemento da situación do sistema educativo respecto das aprendizaxes dos estudantes nas competencias básicas.

As competencias básicas refírense ás capacidades das persoas para aplicar os coñecementos aprendidos á comprensión da realidade en contextos diferentes e á resolución de problemas prácticos xerados na vida cotiá.

A posta en práctica da avaliación de diagnóstico debe estimular a necesidade de reflexionar sobre a práctica educativa, para encontrar evidencias rigorosas que permitan comprender o que se fai nos centros educativos e o que se consegue, é dicir, debe promover procesos de autoavaliación nas institucións escolares.

No seu desenvolvemento oriéntase ao cumprimento do establecido na LOE, polo que se declara como unha avaliación sen efectos académicos e eminentemente formativa para os centros, que aporta información para o seu mellor coñecemento e que impulsa, consecuentemente, a súa transformación e mellora.

Tamén cumpre cunha función de transparencia e de rendemento de contas á sociedade, especialmente a través da información que se lle debe dar ás familias sobre os resultados logo da súa celebración.

Por último, ten tamén a finalidade de lle facilitar á Administración educativa a orientación das políticas educativas e o establecemento de actuacións dirixidas á permanente revisión e mellora do sistema educativo. ■

As competencias que se avalían...

...son as contempladas nos respectivos decretos de implantación de currículo de educación primaria e secundaria:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

A proba correspondente ao curso 2008-2009, realizarase o mes de outubro de 2009. Como consecuencia, o alumnado que realizará a dita proba será o escolarizado, respectivamente, nos cursos de **quinto** de educación primaria e **terceiro** de educación secundaria obrigatoria. Avaliaranse só dúas competencias: a competencia en comunicación lingüística e a competencia matemática. ■

A língua de aplicación das probas...

...será a lingua galega no caso da competencia matemática. Para a avaliación da competencia en comunicación lingüística utilizarase tanto a lingua galega como a lingua castelá, nunha proporción parella. ■

A data de celebración das probas...

...será o día 21 de outubro de 2009.

A proba celebrarase o mesmo día en todos os centros da comunidade autónoma, tanto en educación primaria como en educación secundaria obrigatoria. ■

As poboacións implicadas na avaliación...

...están constituídas, como norma xeral, polas seguintes:

- Todo o alumnado de cuarto curso de educación primaria: proporciona información sobre o nivel de desenvolvemento das competencias e sobre as variables de contexto e procesos.
- Igualmente, todo o alumnado de segundo curso de educación secundaria obrigatoria: aporta información sobre os mesmos aspectos que os indicados no caso do alumnado de educación primaria.
- Profesorado titor, tanto de educación primaria como de educación secundaria obrigatoria: informan sobre as variables de recursos e procesos.
- Dirección dos centros educativos: ofrece información sobre as variables de contexto e de recursos.

- Familias do alumnado obxecto de avaliación, tanto de educación primaria como de educación secundaria obrigatoria: igualmente, aportan información sobre variables de contexto e de recursos.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinará que alumnado está exento da celebración destas probas e comunicarllelo aos centros educativos coa debida antelación.. ■

As probas estarán constituídas por...

- ...probas de lapis e papel e rexistros de audio para a comprensión oral (caderniños), e cuestionarios de contexto, recursos e procesos.
- Os *caderniños* estarán constituídos por estímulos ou situacións problema dos que se derivan diversos ítems:
 - Preguntas de opción múltiple (catro alternativas).
 - Preguntas de resposta construída, totalmente abertas.
 - Preguntas de resposta breve construída (semiabertas).
- Os *cuestionarios* de contexto, procesos e recursos recollen información do profesorado, da dirección dos centros, das familias e do propio alumnado, co fin de incorporar á avaliación de diagnóstico elementos de ponderación e equidade

dos resultados ofrecidos. Esta información é moi relevante para a avaliación e cómpre que sexa ofrecida con rigorosidade, xa que con base nela se elabora o índice socioeconómico e cultural (ISEC) do centro. Este índice permite contextualizar os resultados e contrastar a puntuación obtida por cada centro coa puntuación obtida por aqueles outros que ocupan o mesmo intervalo de ISEC. ■

O número de caderniños...

...serán dous, A e B, por cada unha das competencias avaliadas. Polo tanto, na avaliación de diagnóstico correspondente ao curso 2008-2009, os centros disporán de catro modelos de caderniños en total.

O número de ítems que conforman tanto os caderniños da competencia en comunicación lingüística como os da competencia matemática, será de 30, aproximadamente. ■

A duración das probas...

...da avaliación de diagnóstico 2008-2009, será a seguinte:

- Competencia en comunicación lingüística: 60 minutos, tanto en educación primaria como en educación secundaria obrigatoria.
- Competencia matemática: 60 minutos para os dous niveis sinalados no parágrafo anterior.
- Cuestionarios do alumnado: 45 minutos aproximadamente. ■

O procedemento para a realización...

...da avaliación de diagnóstico, xirará en torno a unha aplicación informática habilitada para tal fin.

- A través dela, os centros educativos descargarán os caderniños e cuestionarios. Os centros poderán imprimilos con anterioridade ao día de aplicación, nas datas que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Así mesmo, a consellería dará instrucións sobre a responsabilidade da confidencialidade deste material.

- Logo da aplicación das probas, os centros corruxarán os caderniños e introducirán os resultados na aplicación informática. Do mesmo xeito, procederase a cargar os resultados dos cuestionarios. A Administración dará instrucións para que a dirección do centro proceda naquelas cuestións particulares non recollidas na normativa.
- Os centros terán ao seu dispor un manual de aplicación das probas e un manual para a súa corrección. ■

Ao principio de cada curso escolar...

... os centros educativos constituíran a **comisión de coordinación** da avaliación de diagnóstico. Estará constituída por:

- O director ou directora do centro, que actuará como presidente.
- O xefe ou xefa de estudos.
- O xefe ou xefa do departamento de orientación, de ser o caso.
- Un titor ou titora por cada un dos cursos que se avalían, nomeados pola dirección do centro.

Cómpre que a composición da comisión se recolla na programación xeral anual do centro. ■

As funcións da comisión de coordinación...

...serán as seguintes, segundo o establecido na Orde do 16 de febreiro de 2009:

- Informar sobre o sentido e finalidade da avaliación de diagnóstico aos membros da comunidade educativa.
- Coordinar os diferentes aspectos da posta en marcha desta avaliación no centro.
- Colaborar coa Administración educativa e cos servizos de inspección naquelas cuestións para as que sexa requirida.

Os resultados dos centros educativos...

...reflectiranse nun informe individual de centro. Unha vez finalizada a carga de datos na aplicación informática en toda a comunidade, cada centro educativo poderá descargar a través desta un informe de resultados ao que só terá acceso o propio centro e no que se detallará, cando menos:

- A puntuación obtida globalmente polo centro en cada unha das competencias avaliadas.
- As puntuacións desagregadas de diversos elementos de cada unha das competencias avaliadas.
- A media de Galicia en cada una das competencias obxecto de avaliación.
- A puntuación media daqueles centros que constitúe o seu mesmo grupo de ISEC.

Con posterioridade, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria elaborará un informe xeral cos datos máis salientables de todo o proceso. ■

As familias serán informadas...

...dos resultados desta avaliación. Os centros educativos, tendo en conta a información derivada do informe de centro, informará aos pais e nais dos resultados xerais acadados polo seu centro. Non se proporcionará información individualizada do alumnado. ■

Realizarase unha avaliación de contraste...

...para garantir a calidade do proceso e así poder tomar decisións sobre os aspectos susceptibles de mellora.

Levarase a cabo unha vez finalizada a aplicación e corrección das probas, para o cal a consellería requirirá dun número significativo de centros, seleccionados aleatoriamente, os caderniños e cuestionarios das mesmas e realizará unha segunda corrección. Desta segunda corrección encargárase a Inspección Educativa. ■

MÁIS INFORMACIÓN

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

Ed. Administrativo San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela.

Teléfonos: 981 546 572 / 981 540 188

Correo electrónico: inspeccion.educativa.sc@xunta.es

www.edu.xunta.es/ie



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa
Subdirección Xeral de Inspección,
Avaliación e Calidade do Sistema Educativo